



VI 1801

Manueliño é bo rapas
mete a man na faldriqueira
toma nena, dous réas.

[Se queres que vaia verte]
meniña ó teu lughar -e
has de prendelos canciños
que non fan se non ladrar- e.

Os canciños non os prendo,
que non me queda outro can -he
se non poder vir á noite
virás á pola mañán -he.
Se non poder vir á noite
virás á pola mañán -he.

VI 1140

Heite de amar se non morro,
heite de amar se non morro.
Na túa camiña nova
déixame dormir un sono.
Na túa camiña nova
déixame dormir un sono.

VI 1027

Déixame ir que logho veño
déixame ir seghala iherba
ó mellor prado que eu teño.
Ai lalalala...

VI 976

Se quieres saber quien soy-e
abre la ventana y mira,
yo soy aquel desgraciado
que algún día te quería.
Ai lalalala...

VI 211

Por ti me marmura el mundo
por ti me ha de marmurar -e,
porque toco a pandeireta
dín que non sei traballar -e.
Porque toco a pandeireta
dín que non sei traballar -e.

- Bueno, pois...



- É moi bonito, moi bonito eso.
- Bueno, aghora xa se me olvidaron moitas, mire pa ahí.
- 79 tes?
- Sí, ando en 79 anos, pero... Sempre acordan os cantares e unha anda traballando e anda desentretenido e...
- A ver un conto! (...) No, no, no aghora non hai xunta nin hai nada.